

IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Artigo 1º. Fundamento

De acordo co disposto nos artigos 15.1 e 59.2 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Cerdedo establece o Imposto de construcións, instalacións e obras que se esixirá conforme as disposicións establecidas en dita lei e na presente ordenanza, dictada ao amparo do artigo 106 da Lei de Bases de Réxime Local.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe a realización do feito imponible a construción, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obra ou urbanística, se houbese obtido ou non a citada licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poden consistir en:

- Obras de construción de edificios e instalacións de todas as clases, de nova planta.
- Obras de demolición.
- Obras en edificios, tanto as que afecten ao seu interior como as que se refiren ao exterior dos mesmos.
- Aliñacións e resantes.
- Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, terraplenados, salvo que estes actos estean detallados e programados nun proxecto de urbanización ou edificación debidamente aprobado.
- Obras de fontanería e sumidoiros.
- Obras en cemiterios.
- Calesquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza de obras ou urbanística conforme coa normativa vixente.

Artigo 3º. Obrigados tributarios

Son obrigados tributarios deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral tributaria que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

A estes efectos terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra que soporte os gastos que comporte a súa realización.

No suposto de que a construción, instalación ou obra non fose realizada polo suxeito pasivo, terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do mesmo quen soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras. Para a aplicación deste artigo considerarase substituto de primeiro grao ao solicitante da licenza e a este obrigado se dirixirá a actuación administrativa tendente ao cobro do imposto. Cando non exista

solicitude esixirase a presentación da autoliquidación e o ingreso á empresa que realice a construción, instalación ou obra.

O sustituto poderá esixir ao contribuinte o importe da cuota tributaria satisfeita.

Artigo 4º. Beneficios fiscais

Estará exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades autónomas ou as Entidades Locais que, estando suxeitas ao mesmo, vaian ser destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboación e das augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto si se trata de obras de inversión nova como de mera conservación.

Non se admitirán outros beneficios fiscais que os contados en normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

Artigo 5º. Base imponible, cuota e devengo.-

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra e, se entende por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

A cuota do imposto será o resultado de aplicar sobre a base imponible o tipo de gravame.

O tipo de gravame será do **2,1%**.

O imposto devégase no momento do inicio da construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licenza.

Artigo 6º. Bonificacións.-

Prevese unha bonificación do 1% no tipo impositivo para obrigados tributarios con escasos recursos económicos. Dita bonificación deberá solicitarse antes do inicio das obras e no momento da solicitude da oportuna licenza urbanística e deberá vir acompañada da documentación probatoria dos seus ingresos económicos.

A dita solicitude deberá informarse polos servizos sociais do concello e resolverá a Xunta de Goberno.

Igualmente, establécese unha bonificación por importe do 50% que proceda aboar pola taxa por expedición de licenzas urbanísticas nos casos de expedientes de licenzas por obra menor.

Artigo 7º. Normas de xestión

Cando se solicite a licenza preceptiva ou cando, non hebéndose solicitado, concedido ou denegado a dita licenza teña inicio a construción, instalación ou obra, practicarase polo Concello unha liquidación provisional a conta, utilizando como base impositiva a que resulte do proxecto presentado polo interesado, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente. Noutro caso, a base impositiva poderá ser fixada polos técnicos municipais en función dos módulos establecidos oficialmente polo Colexio de Arquitectos.

No caso de que non se executen as obras, construcións ou instalacións o interesado terá dereito á devolución do ingresado unha vez que presente expresa renuncia á licenza ou transcorrese o tempo máximo establecido para o inicio ou realización das obras e se faga expresa declaración da caducidade da licenza.

Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva sinalada no apartado anterior, practicando a oportuna liquidación definitiva e esixíndolle ao suxeito pasivo, ou reintegrándolle no seu caso, as cantidades que correspondan.

Artigo 8º. Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias, así como á determinación que polas mesmas correspondan en cada caso, se estará ao disposto na Lei Xeral Tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor da presente ordenanza queda derogada a anterior ordenanza reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Cerdedo.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 20 de outubro de 2006 e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2007, mantendo a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.

(Aprobada Pleno 20/10/2006, publicada BOP nº 239 do 15/12/2006, páxina 13-14)

(Modificada Pleno 30/12/2011, BOP nº 64 do 30/03/2012, páxina 23)

(Modificada Pleno 19/12/2012, BOP nº 247 do 27/12/2012, páxina 98-99)